

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Eva Solla Fernández, Ánxeles Cuña Bóveda** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para debate na Comisión 5.<sup>a</sup>, relativa á situación asistencial no CHUOU.**

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense padece dende fai anos deficiencias na xestión sanitaria e carencias en recursos humanos e materiais que teñen cronificado a saturación do servizo de Urxencias.

Recentemente, debido ao caso omiso que a Xerencia ten feito ata o de agora sobre as advertencias do persoal sanitario a cerca de dita saturación, o propio persoal ten acudido á Fiscalía para denunciar unha situación que non só choca cos dereitos de traballadores e traballadoras se non que afecta directamente á calidade asistencial e, polo tanto, á saúde das e dos doentes e ao seu dereito á intimidade.

Resulta habitual que pacientes ingresados do servizo de cardioloxía con necesidades de telemetría permanezan ingresados e ingresadas no servizo de Urxencias pola ausencia de camas dotadas do equipo necesario. Este feito é moi pouco eficiente, porque impide que pacientes en situación de observación ou de urxencia poidan ser atendidos e atendidas nesas camas de Urxencias, á vez que xera un aumento de carga de traballo no servizo, que non soe ser suplido cun incremento de persoal. E paralelamente, supón que



estas persoas con necesidades de telemetría teñan que estar en dependencias abertas, sen baño.

Por outra banda, continúan existindo camas inexplicablemente pechadas ao que se lle suma un retraso na apertura da obra de ampliación. Obras que deixan a incógnita de cantas camas se gañan e cantas se perderán na parte antiga do centro, sen un aparente plan claro de que facer con estas dependencias. Cuns servizos nos que ata seis pacientes deben compartir un só baño.

Todas estas circunstancias culminan nunha situación inadmisibile de empeoramento das condicións nas que se presta a atención sanitaria, que chega a extremos moi graves e que pon de manifesto a incapacidade para resolvela por parte da xerencia.

Por todos estes feitos, **En Marea** realiza a seguinte **Proposición non de Lei**:

**O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:**

- 1.- Abrir as camas que permanecen pechadas.**
- 2.- Dotar de telemetría un número suficiente de camas no servizo de Cardioloxía que permita ingresar no mesmo ás persoas doentes que a precisen, evitando mantelas ingresadas no servizo de Urgencias.**
- 3.- Dotar de máis persoal o servizo de urxencias, incluída as zonas de observación, incrementándoo nos días de maior afluencia ou aqueles nos que permanezan ingresados pacientes no servizo sen posibilidade de traslado.**
- 4.- Aclarar en Sede Parlamentar e publicamente o número de camas na ampliación e o número que vai quedar na parte antiga.**



**5.- Informar ao parlamento de Galicia, para poder valoralos, dos datos de reingresso após 24, 48 e 72 horas da alta en urxencias.**

Compostela, 02 de decembro de 2016

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo.: Luís Villares Naveira

Asdo. Ánxeles Cuña Bóveda

Portavoz do GP de En Marea

Asdo. Davide Rodríguez Estévez

Deputadas e deputado do GP. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/12/2016 11:27:27**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/12/2016 11:27:39**

**David Rodríguez Estévez na data 05/12/2016 11:27:46**

**Luis Villares Naveira na data 05/12/2016 11:27:55**